Cultura e Memoria Histórica	CM0000	Cultura e Memoria Histórica	0282	Jefe/a de Servizo	A1	28	AG/AE	FR14 ED	F			N	CE	S	TD
....															
Cultura e Memoria Histórica	CM1000	Servizos Xerais de Cultura e Memoria Histórica	2253	Técnico/a actividades de xestión cultural	A1	22	AE	FR10	F	R100		N	C	S	AY
Cultura e Memoria Histórica	CM1000	Servizos Xerais de Cultura e Memoria Histórica	2254	Técnico/a actividades de xestión cultural	A1	22	AE	FR10	F	R100		N	C	S	AY
Cultura e Memoria Histórica	CM1000	Servizos Xerais de Cultura e Memoria Histórica	2255	Técnico/a actividades de xestión cultural	A1	22	AE	FR10	F	R100		N	C	S	AY
...															
Cultura e Memoria Histórica	CM5000	Promoción Cultural	2251	Dirección centro sociocult. Ágora	A1/A2	24	AE	FR11 ED	F			N	C	S	AY



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Servizo	Cod. U. Org.	Unidade Organiz.	Ref. posto	Posto traballo	Gr.	Niv	Escala	Elem.Esp.	R E	Req Esp	For. Com	TP	FP	UE	ADM
Cultura e Memoria Histórica	CM5000	Promoción Cultural	2252	Dirección do Fórum Metropolitano	A1/A2	24	AE	FR11 ED	F			N	C	S	AY
....															
Cultura e Memoria Histórica	CM6000	Exposicións e Coleccións e Museos Históricos	0329	Xefe/a de Departamento	A1/A2	26	AE	FR12 ED	F			N	C	S	TD
.....															
Cultura e Memoria Histórica	CM8000	Normalización Lingüística	0008	Xefe/a de Departamento	A1/A2	26	AE	FR12 ED	F	5405/2 5405/3;5405/4;5408;5409;5410;4405 Outras tit sup + CELGA 5		N	C	S	AY
Cultura e Memoria Histórica	CM8000	Normalización Lingüística	0009	Técnico/a de Normalización Lingüística	A1/A2	22	AE	FR10	F	5405/2 5405/3;5405/4;5408;5409;5410;4405 Outras tit. Sup + CELGA 5		N	C	S	AY
Cultura e Memoria Histórica	CM8000	Normalización Lingüística	0010	Técnico/a de Normalización Lingüística	A1/A2	22	AE	FR10	F	5405/2 5405/3;5405/4;5408;5409;5410;4405 Outras tit. Sup + CELGA 5		N	C	S	AY
Cultura e Memoria Histórica	CM8000	Normalización Lingüística	0011	Técnico/a de Normalización Lingüística	A1/A2	22	AE	FR10	F	5405/2 5405/3;5405/4;5408;5409;5410;4405 Outras tit. Sup + CELGA 5		N	C	S	AY
Cultura e Memoria Histórica	CM8000	Normalización Lingüística	0012	Técnico/a Medio de Normalización Lingüística	A2	20	AE	FR09	F	4405		N	C	S	AY
Cultura e Memoria Histórica	CM8000	Normalización Lingüística	0013	Oficial Administrativo/a	C1/C2	16	AG	FR04	F		F.A.G.	N	C	S	AY
Cultura e Memoria Histórica	CM8000	Normalización Lingüística	0014	Auxiliar Administrativo/a	C2	14	AG	FR04	F		F.A.G.	N	C	S	AY

Servizo	Cod. U. Org.	Unidade Organiz.	Ref. posto	Posto traballo	Gr.	Niv	Escala	Elem.Esp.	R E	Req Esp	For. Com	TP	FP	UE	ADM
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM0000	Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	2256	Xefe/a de Servizo	A1	28	AG/AE	FR14 ED	F			N	LD	S	TD
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM1000	Apoio á Xefatura de Servizo	2259	Técnico/a Superior de Xestión	A1	22	AG	FR10	F			N	C	S	AY

Servizo	Cod. U. Org.	Unidade Organiz.	Ref. posto	Posto traballo	Gr.	Niv	Escala	Elem.Esp.	R E	Req Esp	For. Com	TP	FP	UE	ADM
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM1000	Apoio á Xefatura de Servizo	2260	Oficial administrativo/a	C1/C2	16	AG	FR04	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	2179	Xefe/a de Departamento	A1/A2	26	AG/AE	FR12 ED	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0229	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AE	FR11	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0230	Técnico/a Superior de Xestión	A1	22	AG	FR10	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0231	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AG	FR09	F		F.A.G.	N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0232	Técnico/a Local de Emprego	A2	20	AE	FR09	F	5205; R400		N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0233	Oficial de Mercados	C2	16	AE	FR02 JP AP1	F		At. Pub.	N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0234	Oficial de Mercados	C2	16	AE	FR02 JP AP1	F		At. Pub.	N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0235	Oficial de Mercados	C2	14	AE	FR01 JP AP1	F		At. Pub.	N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0236	Oficial de Mercados	C2	14	AE	FR01 JP AP1	F		At. Pub.	N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0237	Oficial de Mercados	C2	14	AE	FR01 JP AP1	F		At. Pub.	N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0238	Axudante de Mercados	AP	14	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0239	Axudante de Mercados	AP	14	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Servizo	Cod. U. Org.	Unidade Organiz.	Ref. posto	Posto traballo	Gr.	Niv	Escala	Elem.Esp.	R E	Req Esp	For. Com	TP	FP	UE	ADM
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0240	Axudante de Mercados	AP	14	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0241	Axudante de Mercados	AP	14	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0242	Axudante de Mercados	AP	14	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0243	Axudante de Mercados	AP	14	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0244	Axudante de Mercados	AP	14	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0245	Axudante de Mercados	AP	14	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0246	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0247	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0248	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0249	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0250	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0251	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY

Servizo	Cod. U. Org.	Unidade Organiz.	Ref. posto	Posto traballo	Gr.	Niv	Escala	Elem.Esp.	R E	Req Esp	For. Com	TP	FP	UE	ADM
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0252	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0253	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0254	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0255	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0256	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2000	Mercados, Comercio e Hostalaría	0257	Operario/a de Mercados	AP	12	AE	FR01 JP AP1	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2100	Consumo	0216	Técnico/a Xurídico/a de Consumo	A1	22	AE	FR10	F	5211		N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2100	Consumo	0217	Auxiliar de Atención Cidadá	C1/C2	16	AG	FR05 AP1	F		F.A.G., At. Pub.	N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2100	Consumo	0218	Auxiliar de Atención Cidadá	C2	14	AG	FR05 AP1	F		F.A.G., At. Pub.	N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2100	Consumo	0219	Conserxe da O.M.I.C.	AP	14	AG	FR01 AP1	F		Notif., At. Pub.	N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2200	Comercio	2257	Técnico/a de Xestión	A1/A2	22	AG	FR10	F			N	C	S	AY
Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría	TM2200	Comercio	2258	Técnico/a de Xestión	A1/A2	22	AG	FR10	F			N	C	S	AY



ANEXO II

II.1

MOTIVACIÓN XERAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACION DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) COMO CONSECUENCIA DA NOVA ORGANIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL EN ÁREAS DE XESTIÓN

I.- Unha vez constituída a Corporación Municipal o 17.06.2023 como consecuencia das eleccións celebradas o 28.5.2023, o Decreto da alcaldesa 4538/2023, do 22 de xuño (BOP número 121 do 27.06.2023), en base ás previsións contidas no artigo 126 do Regulamento Orgánico Municipal, estableceu a organización municipal en **catro áreas de xestión** comprensivas, cada unha delas, dun ou varios sectores homoxéneos de actividade administrativa: **Alcaldía; Economía e Planificación Urbana; Benestar Social; Fomento e Promoción da Cidade.**

No mesmo Decreto 4538/2023 noméanse ás tres persoas membros da Xunta de Goberno Local (previamente nomeadas como tales polo Decreto 4536/2023) como responsables de cada una das Áreas, agás a de Alcaldía; determínase o ámbito de funcións e as competencias delegadas de cada unha destas áreas e adscribíense as/os concelleiros/os delegadas/os que actuarán baixo a coordinación e supervisión das persoas concelleiras coordinadoras responsables de cada área.

Polo Decreto 5272/2023, do 26.07.2023, determínase a estrutura directiva do Concello da Coruña para o mandato municipal 2023-2027 e así establécese, ademais da denominación de cada unha das concellarías adscritas a cada unha das áreas de xestión, a seguinte estrutura coas funcións e servizos administrativos adscritos segundo a RPT vixente:

ÁREA DE ALCALDÍA

1. COORDINACIÓN XERAL

Ámbito funcional:

- Secretaría particular.
- Servizo de Alcaldía.
- Impulso da Axenda Urbana municipal.
- Coordinación xeral da Alcaldía e das direccións de área adscritas á Alcaldía.
- Relacións interadministrativas e institucionais da Alcaldía.
- Relacións intraadministrativas, a través do resto das Coordinacións Xerais de cada Área de Goberno.

2. DIRECCIÓN DA ÁREA DE GABINETE DA ALCALDÍA

- Coordinación Institucional e Planificación Estratéxica.
- Departamento de Relacións Públicas e Protocolo.
- Comunicación pública e institucional.
- Gabinete de Prensa.
- Transparencia.
- Axenda da Alcaldía.

3. DIRECCIÓN DA ÁREA DE ASESORÍA XURÍDICA

- Servizo de Asesoría Xurídica.

ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA

1. COORDINACIÓN XERAL DA ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA

2. DIRECCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

Ámbito funcional:

- Política Económica Municipal
- Inversións
- Oficina Orzamentaria
- Recursos Humanos
- Patrimonio, Contratación e Concesións municipais
- Planificación e calidade dos servizos
- Xestión Tributaria
- Tribunal Económico-Administrativo Municipal (TEAM)

Servizos adscritos:

- Servizo de Economía e Inversións



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
- Servizo de Xestión Tributaria
- Servizo de Intervención
- Servizo de Tesourería Xeral
- Servizo de Recursos Humanos
- Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos
- Servizo de Contratación
- Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal
- Servizo de Atención Cidadá e Interior
- Servizo de Informática
- TEAM

3. DIRECCIÓN DA ÁREA DE URBANISMO

Ámbito funcional:

- Urbanismo
- Rehabilitación e vivenda
- Edificación
- Ruínas
- Espazos públicos

Servizos adscritos:

- Servizo de Rehabilitación e Vivenda
- Servizo de Edificación
- Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
- Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística

4. DIRECCIÓN DA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS, MOBILIDADE E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Ámbito funcional:

Innovación e desenvolvemento tecnolóxico

Mobilidade e infraestruturas

Transporte, Estación de Autobuses e Parque Móbil Municipal

Parques e xardíns

Servizos adscritos:

-Servizo de Infraestruturas

-Servizo de Mobilidade Urbana

-Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico

5. DIRECCIÓN DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Ámbito funcional:

-Medio Ambiente

-Sanidade

-Xestión de residuos e limpeza viaria

-Cemiterios e servizos funerarios

-Saneamento, tratamento e depuración de augas residuais

-Benestar animal

Servizos adscritos:

-Servizo de Medio Ambiente

6. DIRECCIÓN DA ÁREA DE SEGURIDADE CIDADÁ

Ámbito funcional:

-Seguridade Cidadá

-Tráfico urbano

-Policía Local, emerxencias, protección civil



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Servizos adscritos:

- Servizo de Seguridade Cidadá.
- Xefatura do Corpo da Policía Local
- S.E.I.S.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

1. COORDINACIÓN XERAL DA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

2. DIRECCIÓN DA ÁREA DE BENESTAR

Ámbito funcional:

- Servizos Sociais
- Igualdade
- Participación cidadá
- Mocidade e CMIX
- Diversidade
- Planificación familiar
- Loita contra a violencia de xénero

Servizos adscritos:

- Servizo de Servizos Sociais
- Servizo de Acción Social
- Servizo de Igualdade
- Servizo de Participación e Innovación

3. DIRECCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN, EMPREGO, FORMACIÓN E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Ámbito funcional:

- Educación
- Emprego

-Relacións Institucionais

Servizos adscritos:

-Servizo de Emprego e Empresa

-Servizo de Educación

ÁREA DE FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE

1. COORDINACIÓN XERAL DA ÁREA DE FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE

2. DIRECCIÓN DA ÁREA DE CULTURA

Ámbito funcional:

-Cultura

-Festas

-Bibliotecas

-Museos científicos

-Memoria democrática

-Arquivo histórico municipal

-Arquivos administrativos

-Promoción da lingua

Servizos adscritos:

-Servizo de Cultura e Memoria Histórica

-Servizo de Museos Científicos

-Servizo de Bibliotecas

-A unidade administrativa de Normalización Lingüística quedará adscrita á Dirección da Área de Cultura

3. DIRECCIÓN DA ÁREA DE DEPORTES

Ámbito funcional:

-Promoción do deporte



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- Instalacións deportivas
- Promoción da vida saudable

Servizos adscritos:

- Servizo de Deportes

4. DIRECCIÓN DA ÁREA DE TURISMO

Ámbito funcional:

- Turismo
- Comercio, mercados e Hostalaría
- Consumo

II.- Os decretos sinalados son expresión da **potestade de autoorganización** da entidade local, como manifestación do principio de **autonomía local** recoñecido constitucionalmente, en canto á potestade de determinación, con criterio propio e no marco da lei, das súas propias estruturas administrativas internas e de servizos.

Os obxectivos que se perseguen con esta estrutura administrativa son os de acadar *"unha xestión máis áxil, eficaz e eficiente dos servizos e recursos desta Administración Local, en consonancia co mandato do artigo 103 da Constitución española e cos principios xerais aos que se someten as administracións públicas á hora de servir á veciñanza, fixados no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público"* (Decreto 5272/2023, do 26.07.2023).

Esta nova estrutura administrativa en catro áreas de xestión e a estrutura directiva establecida para as mesmas esixen de certos **axustes na vixente Relación de Postos de Traballo** aprobada pola Xunta de Goberno Local, xunto coas súas normas de xestión, o 07.08.2020 (BOP número 133 do 19.08.2020 e corrección de erros BOP número 169 do 09.10.2020) e posteriormente modificada puntualmente por Acordos da Xunta de Goberno Local do 16.03.2022 e 14.11.2022, por canto determinados servizos administrativos quedan agora adscritos a outras concellerías ou direccións de área específicas.

Ao tempo, as competencias funcionais establecidas precisan para o seu óptimo desenvolvemento da creación de **novas unidades administrativas** que permitan acadar os obxectivos de goberno e tamén dar resposta á novos requirimentos derivados das necesidades da veciñanza especialmente visibles tras a pandemia da covid-19; pero, tamén dos retos que se derivan para as cidades do futuro na Axenda 2030 de NU de 2015 e dos seus 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), da Axenda Urbana Europea Hábitat de 2016, así como da correspondente Axenda española 2030, así como do Plan de Recuperación aprobado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020 que inclúe o instrumento de recuperación **"Next Generation EU"** (750.000 millóns de euros) concibido como instrumento temporal de recuperación para a reparación dos danos económicos e sociais máis inmediatos causados pola pandemia, e que aspira a unha Europa máis ecolóxica, máis dixital, máis resiliente e máis adaptada aos novos retos.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España publicouse no BOE do 30.04.2021 e articula como centro da súa estratexia catro eixes fundamentais:

- A) a transición ecolóxica
- B) a transformación dixital
- C) a igualdade de xénero
- D) a cohesión social e territorial.

Á súa vez, todos eles orientan dez "*políticas panca*" para artellar un crecemento intelixente, sostible e inclusivo.

Por último, a experiencia de xestión neste último mandato aconsellan o **reforzo** en determinadas unidades organizativas.

III.- De acordo co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) corresponde á Xunta de Goberno Local "*aprobar a relación de postos de traballo e as retribucións do persoal*" e o artigo 90.2 dispón que "*as Corporacións Locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública*".

Esa normativa básica de función pública é a establecida na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, cuxo artigo 202 establece as seguintes características en canto á tramitación das relacións de postos de traballo dentro da administración local:

"1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas.

2. A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.

Por outra banda, en canto ao acervo xurídico existente nesta materia, cómpre salientar como os acordos de aprobación das relacións de postos de traballo, ao igual que para os cadros de persoal, **constitúen unha das manifestacións do exercicio da potestade de autoorganización municipal recoñecida no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985**, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tal e como se fundamenta na proposta obxecto de análise. O TC tivo ocasión de declarar en diversas ocasións (Sentenzas do TC do 18 de outubro de 1993, do 29 de marzo de 1990, ou do 23 de abril de 1986, entre outras) a ampla marxe de que gozan as Administracións Públicas á hora de consolidar, modificar ou completar as súas estruturas organizativas, así como para configurar ou concretar o estatus do persoal ao seu servizo. Iso é unha manifestación da potestade de autoorganización das Administracións locais recoñecida no **artigo 4 da LRBRL**, a cal está referida, fundamentalmente, **á facultade para establecer**



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e cos límites que estableza o lexislador, debendo en todo caso respectar a preceptiva negociación sindical do TREBEP.

Consecuentemente, é cada Administración a que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización, potestade que se materializa mediante a aprobación ou modificación das correspondentes relacións de postos de traballo. Segundo a doutrina xurisprudencial consolidada, a dita potestade administrativa, que ten un **marcado carácter discrecional, deberá en todo caso exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade** que debe rexer toda actuación administrativa e de Goberno municipal, como ten sucedido na modificación puntual obxecto da presente proposta.

A RPT, como instrumento de ordenación dos postos de traballo, **ten un carácter flexible que, en aras dunha maior eficacia e racionalidade organizativa, debe adaptarse, en cada momento, ás necesidades da administración municipal, circunstancias que motivan a presente proposta de modificación puntual.** Tómanse tamén como referencia, para os efectos da fundamentación xurídica, diferentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a título de exemplo, a de 2 de outubro e a de 5 de decembro de 2019, que fundamentan a potestade de modificación das relacións de postos de traballo **no artigo 103 da Constitución española de 1978, ao atribuír á Administración a capacidade de organización e coordinación dos seus servizos de cara a unha maior eficacia.** Esta doutrina está asentada noutras sentenzas do Tribunal Supremo, por exemplo a de 12 de xullo de 2012. Cabe indicar, a maiores, que no expediente consta **unha exhaustiva motivación de cada decisión,** adecuadamente negociada, engadindo, ademais, que non se limitan, senón que se melloran os dereitos dos empregados e das empregadas municipais. **Todos os cambios incorporados a esta modificación puntual da RPT responden ás necesidades dos servizos municipais**

As RPT **configúranse como instrumentos técnicos de carácter público de planificación esencial,** que inclúen todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral dunha administración pública. A través da RPT, as administracións públicas estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes e determinan o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, coa finalidade de organizar, racionalizar e ordenar o persoal, facilitando así unha eficaz prestación dos servizos públicos.

IV.- De acordo co exposto, motívanse a continuación as principais modificacións que se propoñen nas unidades organizativas da vixente RPT por Áreas de Xestión:

ÁREA DE ALCALDÍA

1.- CREACIÓN DO SERVIZO DE ALCALDÍA, MODIFICACIÓN DA DENOMINACIÓN E FUNCIÓNS DO ACTUAL SERVIZO DE ALCALDÍA E ESTRATEXIA URBANA (AL0000) E ADSCRIPCIÓN DA UNIDADE ADMINISTRATIVA AL1000 (NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA) AO SERVIZO DE CULTURA DEPENDENTE DA DIRECCIÓN DE ÁREA DE CULTURA.

Despois da crise sanitaria ocasionada pola pandemia da Covid-19 resulta indispensable remarcar o Plan de Recuperación aprobado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020 que inclúe o instrumento de recuperación **"Next Generation EU"** (750.000 millóns

de euros) concibido como instrumento temporal de recuperación para a reparación dos danos económicos e sociais máis inmediatos causados pola pandemia, e que aspira a unha Europa máis ecolóxica, máis dixital, máis resiliente e máis adaptada aos novos retos. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España publicouse no BOE do 30.04.2021.

Aínda pendente de finalización algunha das actuacións da Estratexia EIDUS CORUÑA financiada con fondos FEDER e aprobada por Resolución da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos o 21.07.2017 (BOE do 25.07.2017) cunha inversión global de 52.100.00 euros, e ademais da execución dos fondos Next-Generation xa asignados á cidade da Coruña e dos posibles fondos futuros que deban executarse en atención ás novas convocatorias que se vaian producindo no marco do PRTR, a follas e ruta para o desenvolvemento sostible das cidades do futuro pasa pola implementación da **Axenda urbana** da Coruña e do Plan de Acción Local que dela se derivará, en consonancia co establecido na Axenda 2030 de NU de 2015 e dos seus 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), da Axenda Urbana Europea Hábitat de 2016, así como da correspondente Axenda española 2030.

A implementación da Axenda Urbana 2030 é clave para poder acceder ao financiamento público estatal e europeo.

A Coruña é un dos 121 municipios e territorios designados polo Ministerio de Transportes, Medio Ambiente e Axenda Urbana (MITMA) como proxecto piloto da Axenda Urbana. Así, a cidade sitúase nun posto preferente de fronte ao novo período de financiamento europeo 2021-2027.

Polo demáis, e non menos importante, é o marco financeiro plurianual 2021-2027 da UE que brinda tamén novas oportunidades de financiamento para proxectos municipais alineados cos seguintes obxectivos estratéxicos:

- Unha Europa máis intelixente, mediante a innovación, a dixitalización, a transformación económica e o apoio ás pequenas e medianas empresas;
- Unha Europa máis ecolóxica e libre de carbono, que aplique o Acordo de París e invista en transición enerxética, enerxías renovables e a loita contra o cambio climático;
- Unha Europa máis conectada, cun transporte estratéxico e redes dixitais;
- Unha Europa máis social, que faga realidade o piar europeo de dereitos sociais e que apoie o emprego de calidade, a educación, as capacidades educativas e profesionais, a inclusión social e a igualdade de acceso á asistencia sanitaria;
- Unha Europa máis próxima aos cidadáns, que apoie estratexias de crecemento de xestión local e que contribúa a un desenvolvemento urbano sostible en toda a UE.

As razóns expostas e a experiencia do **equipo de xestión de fondos europeos** do Concello aconsellan unha **concentración** deste equipo na planificación de actuacións, implementación, coordinación e asesoramento en materia **do financiamento con fondos europeos**, deixando para un novo servizo o resto das funcións de xestión administrativa inherentes á Área de Alcaldía. Por iso propónse a creación dun **SERVIZO DE ALCALDÍA**, e o cambio de denominación do actual Servizo de alcaldía e Estratexia Urbana por **SERVIZO DE PROXECTOS E ESTRATEXIAS CON FONDOS EUROPEOS**.

Do Servizo de Alcaldía dependería a xefatura de Departamento de Alcaldía e a unidade organizativa (GA4000) de apoio á xestión da Alcaldía que se crea.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

As funcións deste novo servizo serán as propias de xestión administrativa e técnicas inherentes á tramitación daqueles asuntos correspondentes aos ámbitos funcionais atribuídos á Área da Alcaldía polo Decreto 5272/2023 , agás os relativos á xestión de fondos europeos.

A unidade administrativa AL1000 adscrita ao Servizo de Alcaldía e Estratexia Urbana pasa, en consecuencia co aprobado no Decreto 5272/2023, a estar adscrito ao Servizo de Cultura (CM0000) na Dirección de Cultura.

2.- CREACIÓN DO DEPARTAMENTO DE PROTOCOLO NA UNIDADE GA2000

O ámbito funcional das Relacións Públicas e Protocolo adscíbese polo Decreto 5272/2023 á dirección de Área do Gabinete da Alcaldía.

A estrutura administrativa para a atención deste ámbito funcional vén constituía desde fai tempo por postos de traballo dos subgrupos C1 e C2.

Sen embargo, non só polo volume de actos e actuacións relacionadas con este ámbito funcional nunha cidade como A Coruña de preto de 250.000 habitantes, senón e sobre todo polas especiais características que lle outorgan á Coruña ser unha cidade escala de numerosos transatlánticos, cunha importante actividade congresual e cita de importantes manifestacións culturais e deportivas, sede institucional da Delegación do Goberno, da Deputación Provincial e dos servizos provinciais da Xunta de Galicia e cunha importante actividade portuaria, entre outras, suxiren unha importante actividade institucional que precisa cada vez dunha maior profesionalización e coñecemento.

Así, considérase preciso unha estrutura departamental cada vez máis profesionalizada e dotada de persoal técnico con capacidade para planificar, coordinar e executar os actos institucionais e civís da vida municipal e que supoñen a aplicación de coñecementos vinculados ao cerimonial e simboloxía locais; ao coñecemento dos actos civís máis frecuentes da vida local como as vodas civís, pregón e inauguración das festas da cidade,; ao coñecemento da tradición e cultura da cidade e das súas tradicións, festas e costumes; do coñecemento e aplicación a normativa que rexe os honores e prevalencias das distintas personalidades presentes nun acto institucional e do regulamento municipal de honores e distincións; do coñecemento preciso para o curso de invitacións e confirmacións en atención á tipoloxía de persas invitadas; as normas de protocolos relativas á irmandade de cidades; o atendimento á loxística relacionada con cada acto (escenarios e colocación de símbolos, equipos de son, delimitación do perímetro, iluminación, música, colocación de invitados, planificación da secuencia dos actos, regalos...) e tamén a coordinación precisa en cada acto cos departamentos de prensa e seguridade cidadá e doutros municipais.

3.- INCREMENTO DA DOTACIÓN DE TRES POSTOS DE TRABALLO NA ASEXORÍA XURÍDICA MUNICIPAL: 2 LETRADOS/AS XURISDICCIONAIS E 1 LETRADO/A CONSULTIVO

Desde a entrada en vigor do Título X da Lei 7/1985, do 1 de abril, de Bases de Réxime Local, pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a asesoría xurídica é un órgano necesario nestes municipios e cunhas funcións

obligatorias de asistencia xurídica aos órganos de goberno e directivos da Corporación, así como de representación e defensa letrada, segundo o artigo 129.

Pero ademais destas funcións, a disposición adicional terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asigna á Asesoría Xurídica a emisión de todos aqueles informes xurídicos a que se refire a Lei, así como os preceptivos para a aprobación dos expedientes de contratación, modificación de contratos, revisión de prezos, prórrogas, mantemento do equilibrio económico e interpretación e resolución dos contratos.

O importante incremento da actividade contractual do Concello nestes últimos catro anos, así como a litixiosidade administrativa vía TACGAI ou xurisdccional derivada dos contratos supón unha importante carga de traballo para esta unidade administrativa. Ademais do sinalado, cómpre ter en conta o informe preceptivo que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, esixe na tramitación de convenios administrativos. Neste sentido, lembrar que o Plan de Subvencións do Concello da Coruña (PESCC) 2022 recolle 245 subvencións nominativas que se articulan a través de convenio, sen prexuízo do informe de todos os convenios interadministrativos de cooperación ou colaboración que se asinan polo Concello con institucións públicas ou privadas. Así mesmo, os informes en canto Ordenanzas e Regulamentos.

Polo demais, en canto á actividade xurisdiccional, cómpre destacar o aumento da litixiosidade con carácter xeral na Administración Pública. No caso do Concello, dáse cumprida conta da mesma nos primeiros puntos das actas das Xunta de Goberno Local, no que pode observarse este dato, en especial en materia impositiva, sancionadores de tráfico e licenzas.

A dotación de postos nesta unidade administrativa mantense invariable desde 2008 e, tal e como se sinalou, desde entón cambiaron completamente as circunstancias tanto da actividade xurisdiccional como da consultiva.

Considérase que o número de letrados/as actualmente existente permitiría diversificar á carga de traballo existente e sobre todo permitir a **especialización** de determinados letrados/as en asuntos ou ramas do dereito específicas: laboral, mercantil, civil, administrativo, contratación pública, función pública, urbanismo, etc.

ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA

1.- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA UNIDADE ORGÁNICA DE APOIO Á DIRECCIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR (AD0000)E INCREMENTO DA SÚA DOTACIÓN.

Tendo en conta as súas funcións, estes postos pasan a encadrarse na unidade orgánica que, como resultado da estrutura directiva establecida polo Decreto 5272/2023 pasa a denominarse de **Apoio á Coordinación Xeral da Área de Economía e Planificación Urbana**.

De acordo cos ámbitos funcionais que lle corresponden a esta Área de xestión que implica unha estrutura directiva comprensiva dunha coordinación xeral de Área e cinco direccións de Área ao tempo que catro concellerías delegadas e 22 xefaturas de servizo, precisa de persoal técnico do máximo nivel (A1 28) para a realización de funcións de asesoramento técnico xurídico en cuestións transversais para o resto do servizos municipais, en especial nos ámbitos de planificación, control, seguimento estatístico e



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

avaliación da actividade; desenvolvemento de instrumentos normativos e instrucións internas; guías de xestión; tramitación de actuacións de calado que afecten a varios servizos municipais da Área; estudo de novas fórmulas organizativas; propostas de mellora de xestión e proposta de criterios técnicos para actuacións de idéntico contido en todas as Áreas de xestión en materia de contratación, subvencións e/ou desenvolvemento orzamentario, entre outras; elaboración e revisión de informes técnicos xurídicos que revistan especial complexidade ou transcendencia económica, análise das novas normativas que afecten aos servizos da Área e etc.

Polas razóns expostas incrementáanse en dous novos postos a dotación actual.

Así mesmo, e polas razóns expostas, **créanse tres postos de traballo para dar soporte a esta unidade** en canto á tramitación administrativa e económica que dela se derive: 2 técnicos/as superiores de xestión (A1 22), 1 técnico/a de apoio a órgano directivo (A1/A2 24) e un asistente de administración (C1/C2 18).

2.- CREACIÓN DUN NOVO DEPARTAMENTO NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DENOMINADO "DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E ACCIÓNS POLO CLIMA" (MA4000)

O obxectivo de desenvolvemento sostible nº 13 da Axenda 2030 de NU de 2015 denomínase "Acción polo Clima". O obxectivo climático aparece como distinto ao obxectivo número 7 relativo á enerxía asequible e non contaminante ou aos obxectivos número 12 de produción e consumo responsables, número 15 referente á vida dos ecosistemas terrestres ou número 14 que abarca á biodiversidade submarina; sen embargo, o obxectivo do clima e a súa importancia implica os seus efectos sobre os demais descritos.

As cidades albergan a metade da poboación mundial, consomen dous terzos da enerxía e o 70% dos recursos naturais, e contribúen con máis do 70% das emisións mundiais de CO2. As cidades e as rexións tamén son especialmente vulnerables aos perigos e a contaminación relacionados co clima. O perigo climático e a contaminación tamén afectan de forma desproporcionada aos pobres, aumentando a desigualdade. Dado que a metade da poboación mundial reside en zonas urbanas, producirase un aumento do uso da enerxía que conleva o cambio climático.

As cidades son por tanto, causa dos maiores efectos do cambio climático, pero son tamén claves para a solución. Así, os investimentos en adaptación e mitigación do cambio climático nas cidades serán importantes para reducir o impacto dalgúns dos maiores contribuíntes ás emisións de gases de efecto invernadoiro: mobilidade e sistemas de transportes menos contaminantes, urbanización do solo con amplas zonas verdes e arbolado absorvedores do CO2, edificacións sostibles e con menor consumo enerxético, uso de enerxías renovables alternativas ao petróleo en edificacións públicas e privadas para calefacción, iluminación, electricidade ou refrixeración, medidas de aforro enerxético na iluminación das cidades e edificios públicos,

O 3.12.2021.o Pleno do Concello da Coruña adoptou o acordo de impulso da gobernanza responsable comprometida coa transición enerxética e loita contra o cambio climático, aprobada pola XGL o 30.11.2021 e entre as súas accións xa desenvolvidas está o

cumprimento do encargo feito a Emalcsa para a elaboración do estudo e mapa de posibles implantacións das distintas tipoloxías de enerxías renovables na cidade da Coruña.

No ámbito do compromiso e camiño cara á progresiva descarbonización o Concello da Coruña implantou importantes accións como a xestión do proxecto de renovación das instalacións do alumado público cofinanciado nun 80% polo IDAE e cun custo elixible de 15.745.955,72€; a creación das ZBE (zonas de baixas emisións) mediante o financiamento dos fondos Next Generation, a ampliación das bases e bicicletas eléctricas para o programa de Bici Coruña, etc.

Por parte da Sección de Calidade Ambiental do Servizo de Medio Ambiente, desde a sinatura do Pacto dos Alcaldes en 2002, puxéronse en práctica os compromisos adquiridos como a aprobación do inventario de emisións GEI, da estratexia do cambio climático e a Oficina do Cambio Climático. En 2012 iniciouse e ampliouse a varios edificios municipais o sistema centralizado de xestión enerxética e implantouse a norma ISO 50001 para a optimización do aforro a través do control permanente dos consumos. Pero todas estas accións precisan dun **departamento transversal** a toda a organización municipal que coordine e aúne criterios técnicos, ofrezca ao resto de áreas de xestión ferramentas e boas prácticas para avanzar no camiño da descarbonización e marque a folia de ruta do **Plan de acción Local en materia climática**, no marco dos compromisos da Axenda Urbana e do II Plan Nacional de adaptación ao Cambio Climático 2021-2030 e que abarca ata 18 ámbitos de traballo, así como da Lei 7/2021, do 20 de maio de cambio climático e transición enerxética, de xeito que A Coruña poida cumprir co compromiso de redución de gases de efecto invernadoiro para o 2030 e diminúa a súa pegada de carbono.

As accións en materia do Plan de Calidade do Aire, inventario de emisións GEI, estratexia do cambio climático, a Oficina do Cambio Climático e o Sistema de Información Ambiental desenvolvidas xa pola Sección de Calidade Ambiental pasarían a este novo Departamento, así como a proposta de implantación de enerxías renovables na cidade ou nas instalacións municipais e propostas normativas municipais en materia de cambio climático, xunto coa necesaria participación e sensibilización cidadá e a necesaria colaboración público-privada cos sectores industrial e comercial da cidade.

Ao tempo, este Departamento será o que propoña as principais vías de financiación estatal, galega e comunitaria para novos investimentos e actuacións que contribúan á transición ecolóxica e á descarbonización en coordinación co Servizo de proxectos e Estratexia con Fondos Europeos.

Este Departamento completaría a súa dotación cunha **Sección de Accións polo Clima (A1/A2 24) (MA4200) e cun técnico/a de xestión enerxética (A1 22)**.

3.- MODIFICACIÓN DAS FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN AMBIENTAL URBANA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE.

No Decreto 5272/2023 os ámbitos funcionais relacionados coa implantación e mantemento de zonas verdes (parques e xardíns) e arbolado pasan á Dirección da Área de Infraestruturas, Mobilidade e Innovación Tecnolóxica.

Polo tanto **é preciso adscribir a unidade administrativa (MA2200: Xardíns) ao Servizo de Infraestruturas.**



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Ao tempo, o Departamento de Xestión Ambiental Urbana, ademais dos ámbitos funcionais de Biodiversidade, Cemiterios e Calidade Ambiental (cuxo nome se modifica en lugar de "medioambiental"), asume as funcións que o Servizo de Medio Ambiente debe realizar en relación ao Saneamento, Praias e control de augas de baño e residuais que inclúe os informes técnicos necesarios para os permiso de vertido, contratos vinculados ao saneamento, mantemento de espazos naturais e solares municipais, canceira municipal e control de pragas urbanas.

4.- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO DEPARTAMENTO DE RESIDUOS URBANOS E XESTIÓN ENERXÉTICA (MA3000), ASÍ COMO DAS SECCIÓN DE PROXECTOS E XESTIÓN ENERXÉTICA E A DE LIMPEZA E SANEAMENTO. CREACIÓN DUNHA NOVA SECCIÓN DE RESIDUOS URBANOS

A modificación supón que o **Departamento** de Residuos Urbanos e Xestión Enerxética pase a denominarse de **Residuos Urbanos e Limpeza Viaria**. Esta modificación da denominación é consecuencia da proposta de creación do Departamento de Transición ecolóxica e Accións polo Clima encargado do impulso, proposta, planificación, coordinación e, no seu caso, execución das accións polo clima e das políticas relativas á transición ecolóxica e descarbonización, polo que as accións relacionadas coa política enerxética municipal pertencen agora a este novo departamento.

Polo demais a Sección de Proxectos e Xestión Enerxética pasaría a denominarse tan só de **Sección de Proxectos e estaría dependendo directamente da Xefatura do Servizo de Medio Ambiente**, tendo en conta que as súas actuacións son transversais a todos os departamentos do Servizo e a toda a Área de Medio Ambiente e non exclusivas do Departamento de Residuos Urbanos.

Ao tempo, e dado que o ámbito competencial do Saneamento atribúese agora segundo o punto 3 anterior ao Departamento de Xestión Ambiental Urbana, a Sección de Limpeza e Saneamento (MA3100) pasaría a denominarse **Sección de Limpeza Viaria e Aseo Urbano**.

Como queira que corresponde ao Departamento de Residuos Urbanos a xestión do 45% das contratacións plurianuais máis cuantiosas do Concello que representan, á súa vez, o 83,34% dos contratos a xestionar polo Servizo de Medio Ambiente, así como o enorme número de SYR (suxestións ou reclamacións cidadás) relacionadas con estes servizos que supoñen a porcentaxe máis alta por temáticas de todas as recibidas polo Concello, aconsella reforzar con persoal especializado este departamento para asegurar a óptima execución das prestacións contratadas e a atención inmediata á veciñanza nas súas reclamacións, tendo en conta que son servizos que funcionan ininterrompidamente todos os días do ano.

Os contratos de recollida de lixo que inclúen a contenerización, o de limpeza viaria, o de tratamento dos residuos urbanos na Planta de Nostián ou o mantemento dos antigos vertedoiros de Bens esixen un seguimento moi especializado dado o volume de prestacións contratadas que inclúen unha ampla variedade de servizos, así como un axeitado control de custes e o establecemento de indicadores de xestión e cumprimento do plan de calidade.

Por esta razón **créase a Sección de Residuos Urbanos** e a ela adscribíense os dous postos técnicos de residuos (1192-1193).

Tanto este Departamento como o de Limpeza Viaria e Aseo Urbano aconsellan perfiles profesionais relacionados coa Enxeñería.

5.- INCREMENTO DE DOUS POSTOS TÉCNICOS SUPERIORES DE XESTIÓN NO SERVIZO DE CONCESIÓNS E PATRIMONIO MUNICIPAL.

A creación deste Servizo no último mandato e a aprobación da Instrución para a organización eficaz do sistema concesional e patrimonial do concello da Coruña do 22.05.2023 que determina os obxectivos que se pretenden na ordenación da xestión destes ámbitos competenciais e as funcións que asume este novo Servizo, aconsellan o incremento de dous postos técnicos superiores de xestión A1.

6.- INCREMENTO DE POSTOS TÉCNICOS NO SERVIZO DE INFRAESTRUCTURAS

A financiación europea prevista para os vindeiros anos e a xa recibida dos fondos Next Generation, así como os novos retos da Axenda urbana, supoñen importantes investimentos para facer da Coruña unha cidade cada vez máis sostible, verde, social e humana. Ao tempo, require de profesionais con especializacións no ámbito enerxético e na sostenibilidade das edificacións e construcións.

Por estas razóns, incrementase cun posto de técnico superior de xestión a unidade organizativa de Servizos Xerais (IE3000) e tres postos de técnico de Infraestructuras A1 na unidade organizativa de Vías Públicas.

ÁREA DE FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE

1.- CREACIÓN DO SERVIZO DE TURISMO, COMERCIO, MERCADOS E HOSTALARÍA; MODIFICACIÓN DA DENOMINACIÓN DA XEFATURA DE DEPARTAMENTO DE MERCADOS E FEIRAS; CREACIÓN DA UNIDADE ORGANIZATIVA DE COMERCIO E REFORZO NA DOTACIÓN DE PERSOAL.

Os ámbitos funcionais de traballo nas políticas públicas de mercados, turismo, comercio e Hostalaría ate o de agora eran desenvolvidos polo Servizo de Emprego e Empresa na área de Innovación, Emprego, e Consumo, Turismo, Comercio e Mercados. O Decreto 5272/2023 crea na Área de Fomento e Promoción da Cidade unha Dirección da Área de Turismo con competencia nos ámbitos funcionais de turismo, comercio, mercados, Hostalaría e consumo e establece na Área de Benestar Social unha dirección de Área de Educación, Emprego, Formación e Relacións Institucionais.

A creación desta nova Dirección de Área centrada nos ámbitos do chamado **comercio de proximidade** que inclúe non só ás pequenas tendas dos distintos barrios da cidade, senón tamén os establecementos de Hostalaría e restauración, así como os postos de todos os mercados municipais e o turismo vén derivado, en parte, das experiencias apreciadas tras a pandemia da covid-19.

Así, as consecuencias económicas derivadas da covid-19 foron especialmente relevantes nestes ámbitos. O Presco (Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña) articulou importantes liñas de axudas a micopemes e persoas autónomas que tiveron que cesar na súa actividade, así como importantes incentivos para animar á cidadanía ao consumo nos establecementos de proximidade canalizados a través dos chamados “Bonos” para a compra e consumo en establecementos culturais, hostaleiros, comerciais e para consumo en perruquerías e salóns de estética.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

A necesidade de articular políticas públicas para a dinamización do consumo de proximidade é especialmente importante por canto o comercio minorista físico e a Hostalaría supoñen gran parte da actividade económica e social da cidade, sendo ademais o sector de actividade máis preto á cidadanía e consumidores na cadea de valor. Estímase que nas cidades un de cada catro empregos depende dos establecementos de proximidade. Convén non esquecer que no confinamento por causa da covid-19 o tecido de comercios, empresas minoristas e os bares do barrio contribuíron a evitar a carencia de mercancías esenciais como sufriron outros países europeos nos que non existe dito tecido e permitiu crear a conciencia cidadá da necesidade do mantemento e impulso deste sector de actividade que contribúe, ao tempo, á dinamización social do barrio.

O crecente consumo a través do comercio electrónico supón unha eiva para estes establecementos e as crises e etapas de recesión económica ou inflacionistas inflúen de xeito notable nos mesmos ao haber unha retracción do consumo pero, ao tempo, implica á necesidade de articular políticas públicas que os axuden a competir nun mercado global e no marco dun consumo fortemente electrónico. Ao tempo, as medidas para o mantemento e para a instalación de novos proxectos de emprendemento comercial, hostaleiro e de ocio, aseguran a revitalización urbana e a necesaria diversidade e complexidade que deben albergar os centros urbanos.

Ademais da imprescindible colaboración público-privada na organización de eventos e no patrocinio da imaxe da cidade, existen retos importantes para a dinamización que xuntan ademais elementos de creatividade e culturais para o estímulo de compra e consumo, tales como actividades de rúa, eventos deportivos, visitas guiadas coas ofertas do barrio, concertos, arte, servizos de xeolocalización, wifi aberto, etc son algunhas accións que poden impulsarse desde o concello. Non é baladí que estes ámbitos funcionais estén na Área de fomento e promoción da cidade, posto que o seu engranaxe coa oferta turística é de vital importancia.

Existen accións consolidadas que deben manterse (dinamización comercial en Nadal e entroido, campañas de compra nos mercados municipais e as obras de acondicionamento dos mesmos, concursos de escaparatismo e promoción de noites brancas, liñas subvencionais específicas...), pero é preciso a adopción de novas estratexias que permitan á revitalización dos barrios sen baixos baleiros ao tempo que se atende aos novos patróns de consumo. Ao tempo, é preciso continuar co tramitación e supervisión dos eventos de natureza privada que pretendan desenvolverse no dominio público municipal e que, pola súa duración ou características, non deban tramitarse por outros servizos municipais.

No ámbito turístico, e sen prexuízo das competencias e accións que desenvolve o Consorcio de Turismo e Congresos, é preciso contar cunha estrutura administrativa que xestione as subvencións que poida obter o Concello para a súa dinamización, a implantación de accións que permitan o fortalecemento da oferta turística da cidade ou a súa ampliación, así como para a realización das contratacións municipais oportunas que se deriven destes plans municipais de actuación turística e a posta en marcha de novos servizos,

Por estas razóns é precisa a creación dun **Servizo de Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría** para a xestión administrativa das actuacións que se deriven dos ámbitos funcionais de mercados, comercio, Hostalaría, consumo e turismo, xunto coa creación dunha unidade organizativa de **Apoio á Xefatura de Servizo** coa dotación dun posto técnico superior e un de auxiliar administrativo/a de xestión.

Adscribíense a este novo Servizo as unidades orgánicas PS4000(Mercados e feiras) e PS2100 (Consumo). En consonancia co exposto, cambiase a denominación do Departamento de Mercados e Feiras polo de **Departamento de Mercados,**

Comercio e Hostalaría. Dentro dese departamento créase a **unidade organizativa de Comercio** con 2 postos técnicos de xestión.

De acordo con esta nova estrutura organizativa a unidade organizativa "Promoción Económica e Comercio (PS2000) adscrita ao Servizo de Emprego e Empresa pasa a denominarse exclusivamente "**Promoción Económica**".

2- CREACIÓN DOS POSTOS DE DIRECCIÓN DO CENTRO ÁGORA E DE DIRECCIÓN DO FÓRUM METROPOLITANO DEPENDENTES DA DIRECCIÓN DE ÁREA DE CULTURA.

A dinámica de funcionamento e a experiencia das programacións de actividades levadas a cabo desde hai tempo nestes dous centros esixen dotalos dunha dirección con especialidade en xestión cultural.

Aínda que una parte destes centros está cedido ao IMCE aos efectos da representacións de parte da súa programación, e no caso do Fórum hai instalacións coordinadas por outros servizos municipais como Bibliotecas, Interior ou Benestar Social, o mantemento, limpeza, vixilancia dependen de Cultura, ao tempo que a programación cultural do Concello está baixo a Dirección da Área de Cultura.

3.- MODIFICACIÓN DO POSTO DE XEFATURA DE DEPARTAMENTO DE EXPOSICIÓNS, COLECCIÓNS E MUSEOS HISTÓRICOS PARA ESCALAS AG E AE.

Na actualidade este posto tan só está aberto a AE, pero para iso está o posto de Dirección de Exposicións, Coleccións e Museos Históricos que require dunha titulación específica, pero esta non é precisa para o posto da Xefatura do Departamento en tanto que a ela lle corresponden as función inherentes a calquera xefatura destas características en canto á xestión administrativa, económica e xestión de persoal.

4.- INCREMENTO DE DOTACIÓN DE PERSOAL NA UNIDADE ORGANIZATIVA SEVIZOS XERAIS DE CULTURA E MEMORIA HISTÓRICA (CM1000).

A experiencia da programación cultural e artística dos últimos anos, así como os retos de impulso de novas programacións requiren a creación de 3 postos técnicos A1 para a programación e xestión de actividades culturais.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

Coa creación do Servizo de Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría e a nova estrutura organizativa derivada do mesmo, a unidade organizativa "Promoción Económica e Comercio (PS2000) adscrita ao Servizo de Emprego e Empresa pasa a denominarse exclusivamente "**Promoción Económica**".



II.2

MOTIVACIÓN ESPECÍFICA DA FORMA DE PROVISIÓN DE DETERMINADOS POSTOS E CARACTERÍSTICAS DOUTROS DE NOVA CREACIÓN

1. MOTIVACIÓN ESPECÍFICA DA PROVISIÓN DE POSTOS POR LIBRE DESIGNACIÓN

Na proposta de modificación puntual da RPT inclúese a creación de dúas xefaturas de Servizo e dúas de Departamento, cuxa forma provisión é polo sistema de **Libre Designación**.

O art. 17 das Normas de Xestión da Relación de Postos de Traballo vixente (BOP 133, do 19 de xullo de 2020), en relación ás formas de provisión dos postos de traballo, establece no apartado 2 que son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior.

No apartado 17.4 das mesmas enuméranse os devanditos criterios, segundo o seguinte teor literal:

- a) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello. Este criterio afecta a:
 - (1) Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.
 - (2) Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local.
 - (3) Responsable da preparación da orde do día e das convocatorias e documentación dos expedientes que se eleven ao Pleno e á Xunta de goberno Local.
 - (4) Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.
- b) Especial responsabilidade por exercer a representación institucional do Concello, que vén determinada porque se esixe que o empregado público actúe como substituto do representante institucional e que teña, por tanto, que coñecer, asumir e difundir as propostas de actuación do Goberno municipal. Este criterio afecta aos casos de substitución dun alto cargo nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade deste, a condición de que non exista un cargo intermedio.
- c) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten aos dereitos das persoas. A

coordinación ou dirección de funcionarios que, como titular dun posto, exerce sobre as decisións do persoal ao seu cargo e que teñen a capacidade de tomar decisións que supoñan a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia.

d) Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, que se fundamenta na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantes do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal, e exercerase ao desempeñar funcións que leven responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais de niveis medio e alto, segundo a clasificación establecida nos apartados 2 e 3 do artigo 81 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

e) Especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado. Este criterio afecta os casos de responsabilidade directa sobre a toma de decisións para a elaboración de instrumentos de organización, de carácter económico e de planeamento e ordenación.

f) A cualificación profesional especial requirida para o desempeño de determinados postos de traballo por razóns de calidade artística ou de recoñecida autoridade e experiencia en áreas de coñecemento de ámbito municipal.

g) Os de xefatura de servizo ou equivalentes nos que veña determinado por lei, como no suposto do artigo 27 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, de nomeamento do Xefe do Corpo de Policía local.

h) Aqueles órganos directivos da Administración Municipal citados no artigo 125.1.B do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, aprobado polo Pleno en sesión celebrada o 2 de novembro de 2004 (BOP de 13/12/2004), deban ser nomeados polo sistema de libre designación, tal e como se establece nos arts. 71, 133, 137 e 138 do citado Regulamento. Son os postos seguintes:

- (1) Secretario Xeral do Pleno
- (2) O Oficial Maior
- (3) O Interventor Xeral Municipal
- (4) O Tesoureiro Xeral

i) Os das secretarías de Alcaldía, concelleiras e dos órganos directivos ou superiores, por ser de especial confianza.

Consonte co anterior, propónse a libre designación como forma de provisión dos postos que se indican, en base aos seguintes argumentos:

- **Xefatura de Servizo de Alcaldía**, ao que figura adscrita a unidade organizativa Departamento de Alcaldía, entre cuxas funcións e responsabilidades figuran as relativas ao protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía, relacións interadministrativas e institucionais, coordinación xeral e institucional que, segundo o art. 17.4.a) das Normas de Xestión da RPT, constitúe un criterio de adecuado para aplicar o sistema de LD para a súa provisión, xa que se trata dunha especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada e sensible do Concello.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Esta especial responsabilidade fundaméntase tamén en que os titulares deste tipo de postos participan inmediatamente na elaboración da información estratéxica para a toma de decisións por parte dos órganos superiores do goberno local (indicados no art. 125 do ROM). Xa que logo, como depositarios desta información, deben extremar o deber de sigilo e confidencialidade por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade xurídica e orden público na toma de decisións, evitando informacións privilexiadas e/ou carentes de cobertura normativa.

Doutra parte, ademais da dependencia directa e asesoramento a un órgano superior (Alcaldía), a especial responsabilidade motivadora da provisión por LD, xermola e aséntase na axuda inmediata á toma de decisións por parte de órganos políticos (norma 17.4, letra e das de xestión), entre os que sobresa a Alcaldía, que ademais de órgano superior dos niveis esenciais da organización municipal, ten unhas funcións de coordinación xeral da acción política, do goberno e da administración municipal, ademais do establecemento das directrices xerais da acción do goberno municipal, así como o aseguramento da súa continuidade, nos termos do artigo 124.4 letras b) e c) da LBRL.

- **Xefatura de Departamento de Protocolo**, entre cuxas funcións ten directamente atribuídas as relativas ao protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía, que, segundo o art. 17.4.a) das Normas de Xestión da RPT, constitúe un criterio de excepcionalidade suficiente para aplicar o sistema de LD para a súa provisión, xa que se trata dunha especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello.

Igual que no caso anterior, esta especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar o deber de sigilo e confidencialidade por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade e orden público.

As funcións propias de intervención e ceremonias con distintas autoridades públicas ou privadas, de distintos ámbitos locais, nacionais e internacionais, conleva unhas tarefas que trascenden a seguridade das persoas. Neste sentido entre as súas funcións menciónase (...) o atendimento á loxística relacionada con cada acto (escenarios e colocación de símbolos, equipos de son, delimitación do perímetro, iluminación, música, colocación de invitados, planificación da secuencia dos actos, e tamén a coordinación precisa en cada acto con outros departamentos como o de seguridade cidadá (...).

- **Xefatura de Servizo de Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría**. As normas de Xestión da RPT, no art. 17, recollen os criterios de excepcionalidade para a provisión de postos de traballo por libre designación, entre os que se atopa o criterio da especial responsabilidade relacionada coa axuda na toma de decisións dos órganos políticos en aplicación

de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado, como así se reflicte na letra a) da norma 17.4 das de xestión da RPT, e de xeito máis detallado na letra e). Este criterio afecta aos casos de responsabilidade directa sobre a toma de decisións estratéxicas para a elaboración de instrumentos de organización, de carácter económico e de planeamento e ordenación.

En efecto, entre as funcións do posto de traballo de Xefatura do Servizo Turismo, Comercio, Mercados e Hostalaría inclúense funcións que encaixan nunha especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado, polo que se cumpre a condición necesaria para que a forma de provisión deste posto sexa polo procedemento de libre designación. Precisamente por ser de nova creación deben elaborarse instrumentos de de planeamento e ordenación, con trascendencia económica no campo das potestades discretionais da Administración.

Neste sentido, as competencias municipais en materia de turismo, consonte co establecido no artigo 5 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, alíñanse con esa función de ordenación, organización e planificación estratéxicas á que se refire a letra e) da norma 17.4 das de xestión da RPT,. Por exemplo, as contempladas nas letras c), e) e f) do citado artigo 5.

Doutra banda, cabe mencionar estratexias de mecenazgo e/ou patrocinio de eventos de relevancia turística. Máis tamén as funcións do posto supoñen un estenso manexo de datos relacionados cos mercados, a protección de consumidores, as relacións con terceiros interesados en instrumentos xurídicos de mecenazgo e patrocinio, que son especialmente sensibles (consumidores) ou que os terceiros os queren manter lexitimamente como reservados, de sorte que tamén é aplicable como xustificación da LD a letra d) da norma 17.4 das de xestión, en canto á especial responsabilidade para garantir a protección de datos persoais.

- **Xefatura de Departamento de Transición ecolóxica e accións polo clima.** As circunstancias que xustifican a provisión, polo sistema de libre designación, deste posto de traballo fornecen sobre as seguintes causas xustificadas, previstas nas normas de xestión:
 - De un lado, entendemos que a implantación de distintas estratexias no marco da lexislación sobre o cambio climático e a transición enerxética por parte deste concello, teñen acomodo na letra e) da norma 17.4 das de xestión e nomeadamente:
 - O posicionamento municipal no panorama dos acordos internacionais sobre o cambio climático.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- O recoñecemento do ámbito municipal e, polo tanto, deste concello no desenvolvemento e aplicación da lexislación internacional e nacional sobre o cambio climático.
- A actividade do concello da Coruña, como goberno local, no ámbito da enerxía limpa: tipoloxía e principais liñas de actividades, as novas ferramentas e accións desde o municipal no mercado enerxético.
- En efecto, todas estas liñas estratéxicas de actuación innovadoras e de futuro requiren de especialización e responsabilidade vencellada directamente coa toma de decisións dos órganos políticos e coa fixación de novas directrices no espectro dos instrumentos a desenvolver menos regrados.
- Doutro lado, vanse manexar informacións relacionadas coa calidade do aire e da auga, o nivel de contaminación, etc. con transcendencia na calidade de vida das persoas; e, aínda que tal información debe de sr pública conforme á normativa comunitaria, require para a súa correcta elaboración de metodoloxías e ferramentas que permitan a elaboración do “DATO”. Tal información, incluída a necesaria para a elaboración do “dato”, é merecente dunha especial atención e confidencialidade, de tal sorte que resulta de aplicación a letra d) da norma 17.4 das de xestión.

2. MOTIVACIÓN ESPECÍFICA SOBRE AS CARACTERÍSTICAS DE DETERMINADOS POSTOS DE NOVA CREACIÓN

Sobre as características dos postos de nova creación, particularmente relativas á atribución de especial dedicación (ED) ou á apertura ao persoal doutras Administracións (TD), cabe dicir que:

- Aos postos de **Xefatura de Servizo (C-28)** e **Xefatura de Departamento (C-26)** que se crean atribúenselles os mesmos factores retributivos que aos postos iguais xa existentes actualmente na RPT.
- O mesmo pode dicirse das **Xefaturas de Sección (C-24)**, xa que dos 66 postos existentes deste tipo, a gran maioría (43) teñen atribuído este concepto retributivo.
- Sobre os postos de **Dirección do ÁGORA e do FÓRUM (C-24)**, sucede o mesmo, xa que na RPT existen 42 postos similares que teñen atribuído o factor “ED” no Complemento Específico: Directores e Directores Adxuntos de Bibliotecas, de Instalacións Deportivas, de Unidades Técnicas, Coordinación de Centros e Programas, etc.
- O posto de **Técnico de Apoio ao Órgano Directivo**, na Unidade de “Apoio á Coordinación Xeral de Economía e Planificación Urbana”, equipárase a unha Xefatura de Sección e atribúenselle os mesmos factores retributivos que a éstas.
- Nos demais casos, seguiuuse o criterio de configurar os postos de nova creación por similitude coas mesmas características retributivas dos que xa existen na RPT.
- Sobre a motivación da configuración de postos co código “TD”, tal e como se explicou na Mesa Xeral de Negociación do pasado día 25 de agosto, débese á especialización requirida para ocupar determinados postos, unido á ausencia de

espacialidades concretas na propia organización municipal, así como ao impulso de mecanismos recíprocos de mobilidade interadministrativa, previstos na normativa de función pública.

3. FUNCIONES DOS POSTOS DE NOVA CREACIÓN OU OBXECTO DE MODIFICACIÓN

O Manual de Funcións dos postos de traballo vixente e que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2007, establece as atribucións xerais dos postos, especialmente as referidas aos postos de xefatura de servizo, xefatura de departamento, xefatura de sección, etc.

As funcións específicas de cada un dos postos de nova creación ou obxecto de modificación, ademais das especificadas no Manual de Funcións, están encadradas dentro dos cometidos ou ámbito competencial que ten atribuída cada unha das unidades organizativas onde está adscrito cada posto afectado.

Polo que as funcións que competen a cada posto de traballo veñen delimitadas tanto polo ámbito competencial da unidade organizativa a que pertencen como polas funcións xerais establecidas no Manual de Funcións.